

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de agosto de 2017**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cincuenta minutos do día dezoito de agosto de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penla, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(848).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(849).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “4ª CARREIRA 24 HORAS DE VIGO” O 26 E 27 DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 16243/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/08/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

**Antecedentes:**

A entidade Club de Deportivo Castrelos 20.30h, con CIF (G-27756063), solicitou o día 25-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170059450), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 4ª edición 24 HORAS DE VIGO
- Data: 26 e 27 de agosto de 2017
- Horario: Dende as 12.00h do sábado a 12.00h do domingo

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar os vindeiros **26 e 27 de agosto de 2017**, a proba se levará a cabo no parque de Castrelos nun horario comprendido entre ás 12.00h do sábado 26 e remataá ás 12.00h do domingo 27.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Deportivo Castrelos 20.30h, con CIF (G-36645109), a organizar os vindeiros **días 26 y 27 de agosto de 2017**, o evento deportivo denominado 4º CARRERA 24 HORAS DE VIGO, a proba desenvolverase integramente no Parque de Castrelos entre as 12.00h do sábado 26 e rematará ás 12.00h do domingo 27.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **3(850).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “XLIV GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO”, O 26 E 27 DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 16244/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/08/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### Antecedentes:

A entidade Club Ciclista Vigués, con CIF (G-36650885), solicitou o día 24-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170059059), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: XLIV GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO
- Data: 26 e 27 de agosto de 2017
- Horario: sábado 26 (de 16.30 a 20.00h) domingo 27 (9.30 a 13.30)

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar os vindeiros **26 e 27 de agosto de 2017**, a proba do **sábado 26** se levará a cabo entre a rúa Oporto (Areal) e o calexón de Miragalla entre as 16,30h e as 20.00h, e o do **domingo 27** a proba comenizará ás 9.30h con unha crono escalada que terá a súa saída dende a Porta do Sol, para seguir pola rúa do Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivié para rematar no Castro, tamén haberá unha proba de fondo que se desenvolverá dende o cruce de Camelias con Venezuela, para seguir por Marqués de Alcedo, Manuel Olivié, e volta ao circuíto do Paseo dos Cedros, Paseo Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivié e rematar no Castro.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

#### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

#### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, con CIF (G-366450885), a organizar os vindeiros **días 26 y 27 de agosto de 2017**, o evento deportivo denominado XLIV GRAN PREMIO CICLISTA CIDADE DE VIGO, do **sábado 26** se levará a cabo entre a rúa Oporto (Areal) e o calexón de Miragalla entre as 16,30h e as 20.00h, e o do **domingo 27** a proba comenizará ás 9.30h con unha crono escalada que terá a súa saída dende a Porta do Sol, para seguir pola rúa do

Príncipe, López de Neira, Progreso, Paseo de Granada, Marqués de Alcedo, Manuel Olivie para rematar no Castro, tamén haberá unha proba de fondo que se desenvolverá dende o cruce de Camelias con Venezuela, para seguir por Marqués de Alcedo, Manuel Olivie, e volta ao circuíto do Paseo dos Cedros, Paseo Cronista Álvarez Blázquez, Manuel Olivie e rematar no Castro.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(851).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “8ª TRAVESÍA A NADO DESAFÍO ISLAS CÍES” O 26 DE AGOSTO DE 2017. EXPTE. 16245/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 11/08/17, asinado polo director deportivo-xefe Unidade técnica, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

A entidade Asociación Aguas Abiertas de Galicia, con CIF (G-27742386), solicitou o día 18-04-2017, a través do Rexistro Municipal (Doc.170056455), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 8º TRAVESIA A NADO DESAFIO ISLAS CIES
- Data: 26 de agosto de 2017
- Horario: 10.00h A 16.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento deportivo que terá lugar o vindeiro **sábado 26 de agosto de 2017**, a Travesía sairá das Islas Cies cara a praia do Vao, onde rematará a proba

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Medio Ambiente
- Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.
- Así mesmo conta coa autorización do Servizo de Demarcación de Costas de Pontevedra.

#### **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización

para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Polo exposto anteriormente, o técnico que subscribe, propón á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación Aguas Abertas de Galicia, con CIF (G-27742386), a organizar o vindeiro **sábado 26 de agosto de 2017**, o evento deportivo denominado **8º TRAVESÍA A NADO DESAFIO ISLAS CIES**, a travesía terá a súa saída dende as Islas Cies y rematará na Praia do Vao, arredor das das 13.00 h.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(852).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 9385/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/08/17, e o informe de fiscalización do 17/08/17, dáse conta do informe-proposta do 17/08/17, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto lexislativo 3/2011.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución de 5 de abril de 2017, o concelleiro delegado de Parques e Xardíns resolveu iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar, por procedemento aberto, as obras de remodelación do parque infantil da rúa Venezuela.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 5 de abril de 2017, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais.

- Resolución do concelleiro delegado de Parques e Xardíns, de data 5 de abril de 2017, pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria xustificativa do contrato, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 31 de xullo de 2017, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 1 de agosto de 2017.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), obrante no proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 24 de marzo de 2017 (expte. 9247/446)
- Informe da xefa do Servizo de Contratación, de data 2 de agosto de 2017, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, con data 2 de agosto de 2017.
- Memoria xustificativa do contrato modificada, asinada polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 10 de agosto de 2017, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos con data 11 de agosto de 2017.
- Informe da técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, de data 11 de agosto de 2017 sobre os cambios realizados nos criterios de adxudicación propostos na memoria xustificativa.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras polo procedemento aberto, asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, con data 11 de agosto de 2017.
- Informe favorable ao expediente de contratación, asinado pola letrada-xefa do Servizo de Asesoramento, de data 11 de agosto de 2017.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 109.1 do texto refundido da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Parques e Xardíns, en resolución de 5 de abril de 2017, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 109.2 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas, que se corresponde co documento nº 3 do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 24 de marzo de 2017 (expte. 9247/446).

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 109 e 110 do TRLCSP.

**Cuarto:** En cumprimento do disposto no artigo 115.6 do TRLCSP, en relación coa disposición adicional segunda, apartados 7 e 8 do TRLCSP, artigo 318.2 da Lei 5/1997, do

22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), a Asesoría Xurídica do Concello de Vigo emitiu informe favorable ao expediente de contratación, en data 11 de agosto de 2017.

**Quinto.-** O artigo 109.3 e o apartado 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 110.1 TRLCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

1º.- Aprobar o gasto das obras de ampliación do parque da rúa Venezuela que se dispón da seguinte maneira:

O orzamento total das obras ascende a 766.884,15 euros. O gasto repártirase en dúas anualidades:

- Ano 2017: 391.884,15 euros (323.871,20 € de base impositivos, máis 68.012,95 € de cota de IVE).
- Ano 2018: 375.000,00 euros (309.917,36 € de base impositivo, máis 65.082,64 € de cota de IVE).

O gasto imputarase ao crédito dispoñible na partida 1710.6190015 "Parques infantís e biosaúdables".

2º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto de obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela, de conformidade co proxecto redactado polo enxeñeiro técnico de obras públicas, don Luis Vicente Vilar Montoro, de data decembro 2016, o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 24 de marzo de 2017 (expte. 9247/446), así como aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras por este procedemento, asinado en data 11 de agosto de 2017.

3º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(853).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDES DE CONTRATACIÓN COMO TRABALLADORES INDEFINIDOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 29275/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 10/08/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

**1º.-** O día 21-12-16, D. ROBERTO RIVEIRO MONTES, con DNI nº \*\*\*\*\*198 V, presentou escrito (nº doc. 160171365) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

-O día 21-12-16, D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO, con DNI nº \*\*\*\*\*167 G, presentou escrito (nº doc. 160171373) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 21-12-16, D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS, con DNI nº \*\*\*\*\*547 D, presentou escrito (nº doc. 160171551) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 22-12-16, D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, con DNI nº \*\*\*\*\*031 Q, presentou escrito (nº doc. 160172139) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 27-12-16, D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SÚAREZ, con DNI nº \*\*\*\*\*235 N, presentou escrito (nº doc. 160174159) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 27-12-16, D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, con DNI nº \*\*\*\*\*110 B, presentou escrito (nº doc. 160174150) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 29-12-16, D. FRANCISCO ARROYO MÚÑOZ, con DNI nº \*\*\*\*\*360 W, presentou escrito (nº doc. 160175348) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

- O día 11-01-17, D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, con DNI nº \*\*\*\*\*570 R, presentou escrito (nº doc. 170003355) neste Concello no que solicita a contratación como traballador



indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

**2º.-** D. ROBERTO RIVEIRO MONTES prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 24-03-15 ata o 23-09-15, dende o 23-06-16 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- DON JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 22-05-15 ata o 21-11-15 e dende o 23-06 2016 ata o 22-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 01-01-03 ata o 31-12-03; mediante un contrato laboral de obra o servizo determinado; dende o 01-02-05 ata o 31-01-06, mediante un contrato de inserción; dende o 14-05-08 ata o 13-11-08, mediante un contrato de inserción; dende o 14-05-08 ata o 13-11-08, mediante un contrato eventual por circunstancias de la produción; dende o 11-05-09 ata o 31-01-12, mediante un contrato de interinaxe con cargo a praza, e dende o 06-05-13 ata o 05-11-13, dende o 24-03-15 ata o 23-09-15 e dendo o 23-06-16 ata o 22-12-17.

- D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 16-04-12 ata o 15-02-12, dende o 22-04-13 ata o 21-10-13; dende o 12-05-14 ata o 11-11-14, dende o 22-05-15 ata o 21-11-15 e dende o 22-06-16 ata o 21-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SÚAREZ prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 16-04-12 ata o 15-10-12, dende o 22-04-13 ata o 21-10-13, dende o 12-05-14 ata 11-11-14, dende 22-05-15 ata o 21-11-15, dende o 22-06-16 ata o 21-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ; prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 16-04-12 ata o 15-10-12, dende o 25-03-13 ata o 24-09-13, dende o 04-11-13 ata 03-05-14, dende o 10-11-14 ata 09-05-15, dende o 22-05-15 ata o 21-11-15, dende o 07-12-15 ata o 06-06-16, e dende o 22-06-16 ata o 21-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas .

- D. FRANCISCO ARROYO MÚÑOZ; prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 16-04-12 ata o 15-10-12, dende o 22-04-13 ata o 21-10-13, dende o 12-05-14 ata o 11-11-14, dende o 22-05-15 ata 21-11-15, e dende o 22-06-16 ata o 21-12-16, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

- D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, con DNI nº \*\*\*\*\*570 R, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos:

Dende o 18-10-12 ata o 17-04-13, dende o 14-05-14 ata o 13-11-14, dende 01-07-15 ata o 31-12-15, e dende o 11-07-2016 ata o 10-01-17, en virtude de distintos nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas.

**3º.-** Mediante dilixencia de data 11 de xaneiro de 2017 deuse o pase á Asesoría Xurídica para que informe sobre a xurisprudencia dos Tribunais Europeos.

**4º.-** O 14 de xullo de 2017 Asesoría Xurídica emite nota de consulta que consta no expediente é que en síntese conclúe que:

“1. Que se ben se axuízan asuntos nos que se aplicaba na instancia normativa nacional española aparentemente oposta á europea, estas sentenzas deben ofrecer unha interpretación aplicable en todo o territorio da Unión, de ahí o seu carácter abstracto e xeral. De feito, en Asuntos como os acumulados e plantexados dende o TSX de Euskadi o compromiso do Tribunal cunha resposta clara é inexistente, con continuas remisións á norma/xuíz nacional que mesmo semellan inhibicións. De feito, no Asunto invocado polos solicitantes se valida practicamente na súa integridade a normativa nacional aplicada sempre que se xustifique.

2. Que estes asuntos se resolveron con respecto a persoal que prestaba servizos nunha administración pública ou personificación pública. Isto contribúe a que os órganos xurisdiccionais sexan máis reticentes a estender os efectos destas sentenzas ao sector privado, como de feito existen xa exemplos. E pola contra, a afondar o estudo daqueles asuntos nos que sexan empregados públicos os afectados, o que pode causar un trato diferenciado -en canto máis rigorista- na aplicación do dereito europeo ás Administracións Públicas.

3. Que estes asuntos tiveron orixe en cuestións prexudiciais plantexadas tanto por órganos xurisdiccionais sociais como contencioso-administrativos. O que implica que as dúas ordes con competencia no coñecemento e resolución de asuntos sobre empregados/as públicos/as xa dispoñen de argumentos para resolver determinados aspectos en función da casuística do pretendido.

4. Que non se tratan en canto ao fondo cuestións de acceso ao emprego público, nin de provisión de postos de traballo, nin se visibilizan inxedanzas propias da negociación colectiva (ningún sindicato accionou, só persoas físicas). Tampouco se plantexaron políticas de contratación ou regulación dos tipos de contrato. Sobre estas cuestións o Tribunal europeo non se pronunciou en absoluto.

5. Que a premisa a ter en conta foi que non poden existir diferencias de trato entre traballadores fixos e traballadores con contrato de duración determinada. Pola aplicación da Directiva 1999/70/CE. Esta Directiva só ten dous obxectivos; o principio de igualdade e evitar a utilización abusiva de sucesivos contratos de duración determinada.

6. Que no caso de contratos realizados polas Administracións e resto de Sector Público o réxime de indemnización existiría unha aplicación retroactiva. Pola eficacia directa vertical e horizontal do Acordo Marco e especialmente con relación a un poder público (As. C-268/06, C-614/11 e C-444/09), puidendo ser invocada por un particular ante un tribunal nacional directamente, e polo respecto ao principio de non discriminación.

7. Que a pesares da doutrina do Tribunal Constitucional (STC 148/90) sobre o axuste a dereito da desigualdade de trato nas condicións de traballo entre o persoal funcionario e o laboral, en aplicación da Directiva 99/70 a situación muda por mor destas sentenzas, xa que se considera non xustificable a diferenza de trato, puidendo dar lugar ao idéntico dereito a unha indemnización de vinte días por ano de servizo co límite das doce mensualidades.

8. Que os contratos extinguidos con anterioridade ao 14 de setembro do 2016 terían a acción prescrita para reclamar a indemnización de 20d/ano (art. 59.1 E.T.), mentres que no relativo aos empregados públicos ese prazo se podería discutir se é o dun ano do art. 67 da Lei 39/2015 ou de catro anos do art. 25 da Lei 47/2003 (plantexado por algún sector)."

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empleado Público.
- RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR do Estatuto dos Traballadores.
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Os interesados solicitan a contratación como traballadores indefinidos non fixos por entender que os nomeamentos eventuais ou contratos temporais segundo os casos, en virtude dos cales prestaron servizos no concello, non se corresponden na realidade cunha necesidade de aumento da produción o acumulación de traballo puntual, se non que débese máis ben a unha carencia de persoal para atender os servizos que o concello ten cos cidadáns. En base a elo entenden que a súa contratación debía ser de carácter indefinido.

En primeiro lugar é preciso facer algunhas consideracións previas: as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. A contratación laboral temporal é perfectamente posible na administración dentro dos límites legalmente previstos. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Así o artigo 8 do TREBEP, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual.

Por outra parte é mester ter en conta as leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a taxa de reposición de efectivos o cero por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Afortunadamente, para o 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha taxa de reposición xeral del 50 por cento.

Dentro dos contratos laborais, podemos distinguir a su vez diferentes modalidades: contrato para obra e servizo determinado, eventual por circunstancias da produción, de interinidade, ... nos centraremos no primeiro deles por ser ó que nos afecta neste caso

Respecto o **contrato para obra e servizo determinado**, a xurisdición social advirte que *“este requisito es fundamental pues, sino quedan debidamente identificados la obra o el servicio de esta clase, o al menos mal pueden saberse cuales son (.....) es forzoso deducir el carácter indefinido de la relación laboral” por no existir realmente la obra o servicio o desconocerse la misma. Estos principios no se rompen en su aplicación a la Administración Pública, que en este ámbito “recibe un trato semejante al que se dispensa a los empresarios” (STS de 26-3-1996), ya que como han indicado otros pronunciamientos judiciales (SSTS de 7-10-1998, 2-6-2000 y 21-3-2002 y que en tiempos más recientes reitera la STSJ de Asturias de 14-12-2012 cuando queda acreditado que la actividad contratada es “habitual y ordinaria en la Administración contratante, se ha calificado de indefinida la relación laboral” –en el caso en cuestión, incluso con la existencia de una subvención, “pues evidentemente también pueden financiarse servicios permanentes de la Administración por medio de subvenciones” (STSJ de Extremadura de 3-12-2012).*

A incerteza no tempo non contradí que, dende o inicio do contrato, a entidade local –e o traballador- coñezan a ciencia certa a data de finalización. De feito, o RDCT permite fixar no contrato esa data, que terá efectos orientativos: “se o contrato fixara una duración o un término, éstos deberán considerarse de carácter orientativo...” (art.2.2. in fine) É importante resaltar, no obstante, que en todo caso, sempre prevalecerá a realidade dos feitos e por conseguinte, a finalización do contrato so será posible realmente cando se de por terminada a obra o servizo ó que esté adscrita a actividade do traballador público, con independencia de a tal data indicativa.

Literalmente, “a duración do contrato será a do tempo esixido para a realización da obra o servizo” (art.2.b RDCT)

Pola súa parte con respecto os **funcionarios interinos** O artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Publicas que son funcionarios interinos *“los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) *La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.*
- b) *La sustitución transitoria de los titulares.*
- c) *La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*
- d) *El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.*

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, *cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...*

*El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”*

Nos centraremos no apartado a) e d) do artigo 10 por ser os casos dos solicitantes.

De un lado, a existencia de prazas vacantes cando non sea posible usa cobertura por funcionarios de carreira, é dicir aquelas situacións nas que a Administración non pode cubrir a praza mediante funcionarios por causas alleas a súa vontade; de outro lado, a imposibilidade de cobertura por funcionarios de carreira da praza vacante derivarase da concurrencia das circunstancias de necesidade e urxencia para súa cobertura, de modo que para satisfacer o interese público será necesario que se produza la cobertura de maneira inmediata.

E no apartado d), o prazo máximo de seis meses refírese ó límite máximo de duración do nomeamento do funcionario interino por esta causa.

No presente suposto, por exceso o acumulación de tarefas, o funcionario interino pode ser nomeado por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de 12 meses.

Tamén é importante ter en conta, que a xurisprudencia e reiterada no sentido de que *“las irregularidades en la contratación temporal de las Administraciones Públicas no pueden determinar la adquisición de la condición de fijeza, porque ello supondría la vulneración de las normas con relevancia constitucional que garantizan los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad en el acceso al empleo público. La Administración pública no puede atribuir a los trabajadores afectados por estas irregularidades la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que por el contrario está obligada a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esa provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato. El reconocimiento de la condición de indefinido no fijo responde a estas exigencias porque preserva la cobertura del puesto de trabajo de acuerdo con los principios constitucionales.”* (STSJ País Vasco 4 de Noviembre de 1997, entre otras)

En canto a xurisprudencia europea invocada, e tal como sinala a nota de consulta da Asesoría Xurídica de este concello “ a inseguridade xurídica é notoria con respecto a esta

cuestión. Non existen modificacións legislativas, nin proxectos neste sentido na actualidade (en coñecemento por esta Asesoría). Tampouco existe un ramo de resolucións firmes do Tribunal Supremo que permitan extraer unha conclusión clara ou alomenos fixar un criterio cun mínimo de certeza xurídica sobre a liña interpretativa a seguir polos órganos xurisdiccionais, e tan só se coñecen resolucións illadas, algunhas de órganos de instancia."

Aplicado o anteriormente exposto temos que todos os solicitantes prestaron servizos no Concello de Vigo en virtude dalgún destes contratos: contrato laboral para obra e servizo determinado, dentro do Plan Municipal de Emprego; nomeamento como funcionario interino por acumulación de tarefas, ou nomeamento de interino con cargo a vacante ata cubrir a praza. Todos os contratos e os distintos nomeamentos como funcionarios interinos dos solicitantes foron feitos respetando os límites legais anteriormente expostos e comentados, o que impide acceder ó solicitado.

### CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto, cabe considerar que todos os contratos e os nomeamentos como funcionarios interinos dos solicitantes; (laboral para obra e servizo determinado dentro do Plan Municipal de Emprego, funcionario interino por acumulación de tarefas, e funcionario interino con cargo a vacante ata cubrir a praza) están dentro dos límites legais, polo que non procede acceder ó solicitado.

### RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar as solicitudes de contratación como traballadores/as indefinidos/as non fixos/as formuladas por **D. ROBERTO RIVEIRO MONTES**, con DNI nº \*\*\*\*\*198 V, **D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO**, con DNI nº \*\*\*\*\*167 G, **D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS**, con DNI nº \*\*\*\*\*547 D, **D. FRANCISCO FERNÁNDEZ PEREIRA**, con DNI nº \*\*\*\*\*031 Q, **D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SÚAREZ**, con DNI nº \*\*\*\*\*235 N, **D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ**, con DNI nº \*\*\*\*\*110 B, **D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ**, con DNI nº \*\*\*\*\*360 W, **D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS**, con DNI nº \*\*\*\*\*570 R.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(854).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE CONTRATACIÓN COMO TRABALLADOR INDEFINIDO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 30448/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 10/08/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro da Área de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**1º.-** O día 04-08-17, D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, con DNI nº \*\*\*\*\*110 B, presentou escrito (nº doc. 170109965) neste Concello no que solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que a súa relación co concello de Vigo debe ser de carácter indefinida e non temporal.

**2º.-** D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, con DNI nº \*\*\*\*\*110 B, prestou servizos para o Concello de Vigo, durante os seguintes períodos: Dende o día 16-04-12 ata o 15-10-12, dende o 25-03-13 ata o 24-09-13, dende o 04-11-13 ata o 03-05-14, dende o 10-11-14 ata o 09-05-15, dende o 22-05-15 ata o 21-11-15, dende o 07-12-15 ata o 06-06-16, dende o 22-06-16 ata o 21-12-16, dende o 17-02-17 ata o 16-08-17, en virtude de nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, alterando os nomeamentos como oficial sepultureiro e vixiante de instalacións municipais.

**3º.-** D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, está na lista procedente da oferta de emprego público de 2008 como sepultureiros (grupo C2) e na bolsa de emprego de sepultureiros do ano 2016 (grupo C2); e ademais na lista de axudantes de oficios da Oferta de Emprego Público do ano 2008 (grupo E).

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR do Estatuto dos Traballadores.
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

O interesado solicita a contratación como traballador indefinido non fixo por entender que os nomeamentos eventuais, en virtude dos cales prestou servizos no concello, non se corresponden na realidade cunha necesidade de aumento da produción o acumulación de traballo puntual, se non que débese máis ben a unha carencia de persoal para atender os

servizos que o concello ten cos cidadáns. En base a elo entende que a súa contratación debía ser de carácter indefinido.

En primeiro lugar é preciso facer algunhas consideracións previas: as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. A contratación temporal é perfectamente posible na administración dentro dos límites legalmente previstos. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Así o artigo 8 do TREBEP, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual.

Por outra parte é mester ter en conta as leis de presupostos, xa con anterioridade ao 2012, pero moi especialmente a partires de ese ano, iniciaron un camiño complexo restrinxente case ó máximo en relación á incorporación de persoal de novo ingreso de forma permanente, ó reducir para o 2013 (Lei 17/2012) a tasa de reposición de efectivos o cero por cento, con algunhas excepcións puntuais, que en todo caso pouco o nada resolven as necesidades de novo persoal para entidades locais de plantillas medianas o pequenas, aínda incluso as máis grandes sofren idéntico problema, por canto o referido dez por cento é certamente moi reducido. Afortunadamente, para o 2016 a Lei preveu unha flexibilidade importante o instituír unha tasa de reposición xeral del 50 por cento.

Con respecto os **funcionarios interinos** O artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos *“los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.*
- b) La sustitución transitoria de los titulares.*
- c) La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*
- d) El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un periodo de doce meses.*

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, *cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...*



*El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”*

Nos centraremos no apartado d) do artigo 10 por ser o caso do solicitante, por exceso o acumulación de tarefas, o funcionario interino pode ser nomeado por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de 12 meses. O prazo máximo de seis meses refírese ó límite máximo de duración do nomeamento do funcionario interino por esta causa.

No presente suposto, o solicitante foi nomeado respetando o límite sinalado, os sucesivos nomeamentos débense a que está na lista procedente da oferta de emprego público de 2008 como sepultureiros (grupo C2) e na bolsa de emprego de sepultureiros do ano 2016 (grupo C2); e ademais na lista de axudantes de oficios da Oferta de Emprego Público do ano 2008 (grupo E).

Tamén é importante ter en conta, que a xurisprudencia e reiterada no sentido de que *“las irregularidades en la contratación temporal de las Administraciones Públicas no pueden determinar la adquisición de la condición de fijeza, porque ello supondría la vulneración de las normas con relevancia constitucional que garantizan los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad en el acceso al empleo público. La Administración pública no puede atribuir a los trabajadores afectados por estas irregularidades la pretendida fijeza en plantilla con una adscripción definitiva del puesto de trabajo, sino que por el contrario está obligada a adoptar las medidas necesarias para la provisión regular del mismo y, producida esa provisión en la forma legalmente procedente, existirá una causa lícita para extinguir el contrato. El reconocimiento de la condición de indefinido no fijo responde a estas exigencias porque preserva la cobertura del puesto de trabajo de acuerdo con los principios constitucionales.”* (STSJ País Vasco 4 de Noviembre de 1997, entre otras)

Ademais engadir que no expte nº 29275-220, referido a solicitudes idénticas á que agora nos ocupa (“reclamacións varias solicitando a contratación como traballadores indefinidos non fixos por estar encadeando contrato ou nomeamentos eventuais”), mediante dilixencia de data 11 de xaneiro de 2017, deuse o pase á Asesoría Xurídica para que informe sobre a xurisprudencia dos Tribunais Europeos.

O 14 de xullo de 2017 Asesoría Xurídica emite nota de consulta que consta no citado expediente é que en síntese conclúe que:

“1. Que se ben se axuízan asuntos nos que se aplicaba na instancia normativa nacional española aparentemente oposta á europea, estas sentenzas deben ofrecer unha interpretación aplicable en todo o territorio da Unión, de ahí o seu carácter abstracto e xeral. De feito, en Asuntos como os acumulados e plantexados dende o TSX de Euskadi o compromiso do Tribunal cunha resposta clara é inexistente, con continuas remisións á norma/xuíz nacional que mesmo semellan inhibicións. De feito, no Asunto invocado polos

solicitantes se valida prácticamente na súa integridade a normativa nacional aplicada sempre que se xustifique.

2. Que estes asuntos se resolveron con respecto a persoal que prestaba servizos nunha administración pública ou personificación pública. Isto contribúe a que os órganos xurisdiccionais sexan máis reticentes a estender os efectos destas sentenzas ao sector privado, como de feito existen xa exemplos. E pola contra, a afondar o estudo daqueles asuntos nos que sexan empregados públicos os afectados, o que pode causar un trato diferenciado -en canto máis rigorista- na aplicación do dereito europeo ás Administracións Públicas.

3. Que estes asuntos tiveron orixe en cuestións prexudiciais plantexadas tanto por órganos xurisdiccionais sociais como contencioso-administrativos. O que implica que as dúas ordes con competencia no coñecemento e resolución de asuntos sobre empregados/as públicos/as xa dispoñen de argumentos para resolver determinados aspectos en función da casuística do pretendido.

4. Que non se tratan en canto ao fondo cuestións de acceso ao emprego público, nin de provisión de postos de traballo, nin se visibilizan inxedanzas propias da negociación colectiva (ningún sindicato accionou, só persoas físicas). Tampouco se plantexaron políticas de contratación ou regulación dos tipos de contrato. Sobre estas cuestións o Tribunal europeo non se pronunciou en absoluto.

5. Que a premisa a ter en conta foi que non poden existir diferencias de trato entre traballadores fixos e traballadores con contrato de duración determinada. Pola aplicación da Directiva 1999/70/CE. Esta Directiva só ten dous obxectivos; o principio de igualdade e evitar a utilización abusiva de sucesivos contratos de duración determinada.

6. Que no caso de contratos realizados polas Administracións e resto de Sector Público o réxime de indemnización existiría unha aplicación retroactiva. Pola eficacia directa vertical e horizontal do Acordo Marco e especialmente con relación a un poder público (As. C-268/06, C-614/11 e C-444/09), puidendo ser invocada por un particular ante un tribunal nacional directamente, e polo respecto ao principio de non discriminación.

7. Que a pesares da doutrina do Tribunal Constitucional (STC 148/90) sobre o axuste a dereito da desigualdade de trato nas condicións de traballo entre o persoal funcionario e o laboral, en aplicación da Directiva 99/70 a situación muda por mor destas sentenzas, xa que se considera non xustificable a diferenza de trato, puidendo dar lugar ao idéntico dereito a unha indemnización de vinte días por ano de servizo co límite das doce mensualidades.

8. Que os contratos extinguidos con anterioridade ao 14 de setembro do 2016 terían a acción prescrita para reclamar a indemnización de 20d/ano (art. 59.1 E.T.), mentres que no relativo aos empregados públicos ese prazo se podería discutir se é o dun ano do art. 67 da Lei 39/2015 ou de catro anos do art. 25 da Lei 47/2003 (plantexado por algún sector).”En canto a xurisprudencia europea invocada, e tal como sinala a nota de consulta da Asesoría Xurídica de este concello “a inseguridade xurídica é notoria con respecto a esta cuestión. Non existen modificacións legislativas, nin proxectos neste sentido na actualidade (en coñecemento por esta Asesoría). Tampouco existe un ramo de resolucións firmes do Tribunal Supremo que permitan extraer unha conclusión clara ou alomenos fixar un criterio cun mínimo de certeza xurídica sobre a liña interpretativa a seguir polos órganos xurisdiccionais, e tan só se coñecen resolucións illadas, algunhas de órganos de instancia.”

En canto a xurisprudencia europea invocada, e tal como sinala a nota de consulta da Asesoría Xurídica de este concello “a inseguridade xurídica é notoria con respecto a esta cuestión. Non existen modificacións legislativas, nin proxectos neste sentido na actualidade (en coñecemento por esta Asesoría). Tampouco existe un ramo de resolucións firmes do Tribunal Supremo que permitan extraer unha conclusión clara ou alomenos fixar un criterio cun mínimo de certeza xurídica sobre a liña interpretativa a seguir polos órganos xurisdiccionais, e tan só se coñecen resolucións illadas, algunhas de órganos de instancia.”

Aplicado o anteriormente exposto temos que o solicitante prestou servizos no Concello de Vigo en virtude de diferentes nomeamentos como funcionario interino por acumulación de tarefas, sendo realizados os distintos nomeamentos respetando os límites legais anteriormente expostos comentados, o que impide acceder ó solicitado.

### CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto, cabe considerar que todos os nomeamentos como funcionario interino de D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, como sepultureiro (grupo C2) e como axudante de oficios -vixiante de instalacións municipais (grupo E), están dentro dos límites legais.

### RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excma. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de contratación como traballador indefinido non fixo formulada por D. JOSÉ JUAN QUINTAS PÉREZ, con DNI nº \*\*\*\*\*110 B.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao solicitante".

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(855).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE CINCO OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, POR UN PRAZO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 30370/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/08/17, dáse conta do informe-proposta de data, 8/08/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**1.- ANTECEDENTES**

Con data 31 de xaneiro de 2017, o Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro-delegado da referida Área, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de vinteún efectivos por mor da situación existente no Servizo pola escaseza de medios humanos que garantan a operatividade do servizo na apertura e peche das instalacións deportivas e, agravado pola existencia de oito vacantes e as baixas de incapacidade laboral coas que conta o Servizo.

En resposta a dita petición, a Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 28 de febreiro de 2017, prodedeu ao nomeamento de seis axudantes de oficios interinos por acumulación de tarefas (de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), toda vez que non se dispoñía de bolsa de empregados coa categoría de oficial de instalacións, tomando posesión todos eles en data 01 de marzo do presente ano.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 21 de xullo pasado, prestou conformidade á proposta referida, autorizando o urxente nomeamento interino de cinco novos oficiais de instalacións por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d), do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Deportes, nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 31 de xaneiro de 2017.

En cumprimento do ordenado, con data 04/08/2017, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TRE-BEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de fun-

cións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 615-Oficial Instalacións IMD, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade petionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a sábado, en horario de mañá ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Director Técnico do Servizo de Deportes, coa conformidade do Concelleiro-delegado da referida Área, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 21 de xullo do presente ano, no que se ordena o inicio do presen-

te expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, neste caso unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.I) da referida Lei 7/1985, do 2 de abril ao tratarse dun servizo público prioritario e obrigatorio, que vai permitir manter a actividade das instalacións deportivas, implicando a vixilancia do mesmo e control dos seus accesos, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento da actividade deportiva e a conseguinte información e atención aos cidadáns nas súas instalacións, dacordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, polo que se informa favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

### III. - Proposta de gasto:

De cordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de cinco oficiais de instalacións municipais para o Servizo de Deportes, supón un gasto de **57.597,60€**, das que **46.078,08 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario (144 días/4,73 meses) e, **11.519,52€** (36 días/1,27 meses) ao vindeiro exercicio 2018, ao que haberá que engadirse a cantidade de 21.219,60€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

### IV. - Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsas de emprego, que permitan os nomeamentos interinos previstos no artigo. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como **Oficiais de Instalacións municipais**, oficiais Coiadores de mantemento, vixilancia e control de Vigozoo, oficial Desinfectador, Oficiais Electricista, Oficiais Ferreiros, Oficiais Fontaneiros, Oficiais Xardineiros e Operadores/as Informáticos, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017.

Na base IV da convocatoria establecíase que unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP.

Así mesmo na base VII establecíase que os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xullo de 2017, acordou a formación dunha bolsa de emprego de oficiais de instalacións municipais, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 23/03/2017, expte. 30301/220, figurando no referido acordo a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 10.1 do R.D. Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, corresponde o nomeamento como oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, dos/das aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms. 33-**QUIROGA VILLAR, MANUEL, DNI \*\*.\*\*\*.745-G**, 36-**RODRÍGUEZ LAGO, JOSÉ MARÍA, DNI \*\*.\*\*\*.461-W**, 37-**SAAVEDRA GONZÁLEZ, AUREA, DNI \*\*.\*\*\*.224-B**, 39-**OTERO FERVENZA, JOSÉ JESÚS, DNI \*\*.\*\*\*.225-G** e, 45-**SOUSA VÁZQUEZ, MIGUEL JOSÉ, DNI \*\*.\*\*\*.911-L**, que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos como oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que os/as aspirantes propostos/as, están en condicións de ser nomeados ao terse acreditado que ben nunca prestaron servizos neste concello ou levan mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas no grupo C2 de Titulación.

Nas bases xerais do proceso selectivo da Bolsa de Emprego de oficiais de instalacións municipais autorizado pola Xunta de Goberno na súa sesión de 23/03/2017, expte. 27845/220, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 64 en data 31 de marzo de 2017, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carác-*

*ter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”.*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da **Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal:** “VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo”, **a contar dende a data de adopción do referido acordo.** Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de **cinco** funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Oficiais de Instalacións Municipais**, ao abeiro do exposto no artigo 10,1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Deportes, contidas no escrito do 31 de xaneiro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **57.597,60€**, das que **46.078,08€** corresponden ao presente exercicio orzamentario (144 días/4,73 meses) e, **11.519,52€** (36 días/1,27 meses) ao vindeiro exercicio 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios interinos por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. MANUEL QUIROGA VILLAR, DNI \*\*.\*\*\*.745-G, D. JOSÉ MARÍA RODRÍGUEZ LAGO, DNI \*\*.\*\*\*.461-W, D<sup>a</sup>. AUREA SAAVEDRA GONZÁLEZ, DNI \*\*.\*\*\*.224-B, D. JOSÉ JESÚS OTERO FERVENZA, DNI \*\*.\*\*\*.225-G e, D. MIGUEL JOSÉ SOUSA VÁZQUEZ, DNI \*\*.\*\*\*.911-L**, na súa condición de seguintes aspirantes da bolsa de traballo de oficiais de instalacións municipais formada por acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 13 de xullo de 2017, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da



Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 615-Oficial Instalacións IMD, sendo adscritos ao Servizo de Deportes (cód. 611), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das traballadores/as nomeados/as desenvolverase preferentemente de luns a sábado, en horario de mañá ou tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos/á aspirantes nomeados/a, ao Director Deportivo-Xefe da Unidade Técnica Deportiva, ao Director Técnico do Servizo de Deportes, ao Xefe da Unidade Mantemento e Taller do IMD, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(856).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE OITO DIPLOMADAS EN TRABALLO SOCIAL, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 30399/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 11/08/17, dáse conta do informe-proposta de data, 8/08/17, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES**

Con data 11 de maio de 2017, a Xefa do Servizo de Benestar Social, coa conformidade do Xefe da Área e da Concelleira-Delegada da área de Política Social, remite oficio, no que expoñen as necesidades inmediatas de persoal, reiterando a necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 28 de xullo de 2017, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino de oito diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas solicitados, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da súa Xefa do Servizo que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 11 de maio de 2017.

Significar que unicamente están en condición de ser propostos/as un total de tres aspirantes, polo cal o expediente non se pode facer pola totalidade dos efectivos solicitados.

Consta no expediente de aprobación deste expediente a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer das dúas funcionarias interinas nomeadas.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT),

aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade petionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

## II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Benestar Social que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 11 de maio de 2017, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 28/07/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017 e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por

delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) e 26,3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Xefatura de Benestar Social que así mesmo conta coa conformidade da Concelleira-delegada de Política Social de data 11/05/2017, anexo ao expediente.

### III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dúas diplomadas en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de **56.005,92€**, dos que **44.804,74€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (4,80 meses)** e, **11.201,18€ ao vindeiro exercicio 2018 (1,20 meses)**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **18.341,96€** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 81-Diplomado/a en traballo social), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "Outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente" do vixente orzamento para o presente ano 2017.

### IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Na última Oferta de Emprego Público convocada por este concello, incluíronse sete prazas de Diplomado/a en Traballo Social, quedando un total de quince aspirantes, que tendo aprobados tódolos exercicios da oposición non obtiveron praza, pasaron a formar parte dunha lista de substitucións, segundo previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, EBEP), pero que posteriormente foron nomeadas interinamente con cargo a praza vacante, interinas por acumulación de tarefas (art. 10.1 d), contratadas laboralmente por obra ou servizo determinado, nalgún caso ou ben renunciaron a posibilidade de se-lo, polo que na actualidade a referida lista atópase

esgotada, coa excepción das aspirantes núms. 5-**LÓPEZ MARTÍNEZ, MARINA, DNI \*\*.\*..776-D** e, 6-**BARRIL VÁZQUEZ, JÉSICA PATRICIA, DNI \*\*.\*..533-N**, que unha vez notificadas, aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Sendo necesaria dispoñer dunha lista que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1, da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (derrogado na actualidade polo artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), como Diplomados/as en Traballo Social, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 2 de maio de 2011, adoptou acordo polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo que permita os referidos nomeamentos, que foron publicadas no BOP de data 31/05/2011. Neste intre os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello, presentaron renuncia voluntaria por mellora de emprego, ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Legislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), polo que tamén atópase esgotada.

Consecuencia do anterior, procede recorrer á nova lista resultante da Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015.

Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran neste Área, corresponde o nomeamento como Diplomado/a en Traballo Social da aspirante nº 8- **D<sup>a</sup>. GONZÁLEZ MORALES SUSANA , DNI \*\*\*\*\*037-Q**, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou nesta Área de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que obran no programa informático de xestión de persoal, verifícase que as tres aspirantes propostas como Diplomadas en Traballo Social **D<sup>a</sup>. Jesica Patricia, Barril Vázquez e D<sup>a</sup>. Susana González Morales**, están en condicións de ser novamente propostas, ao levar mais de seis meses dende que remataron o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas en datas 27/12/16, expte. 28224/220 , polo que dende o 28/06/2017 reunen as condicións para ser novamente nomeadas. No que respecta a aspirante **D<sup>a</sup>. Marina Lopez Martínez** causou baixa neste Concello ao renunciar voluntariamente con data 08/05/2017 ao seu nomeamento interino con cargo a praza vacante incluída na OEP correspondente ao ano 2010 xa executada (art. 10.1.a do TREBEP, expediente 29903/220, estando tamén en condicións de ser novamente nomeada.

Significar que nas bases da Bolsa de Emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 2 de maio de 2011, acordouse expresamente que *“os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade o mesmo artigo do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da*

*última oferta de emprego público e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”.*

*Asi mesmo, nas bases da Bolsa de Emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2015, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade o mesmo artigo do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”.*

#### V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **Diplomados/as en Traballo Social**, ao abeiro do exposto no artigo 10,1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contidas no escrito do 11 de maio de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **56.005,92€**, das que **44.804,74€ corresponden ao presente exercicio orzamentario (4,80 meses)** e, 11.201,18€ (1,20 meses) ao vindeiro exercicio 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como **Diplomadas en Traballo Social**, por un período máximo de seis meses, á **D<sup>a</sup>. MARINA LÓPEZ MARTÍNEZ, DNI \*\*.\*\*\*.776-D, D<sup>a</sup>. JÉSICA PATRICIA BARRIL VÁZQUEZ, DNI \*\*.\*\*\*.533-N e, D<sup>a</sup>. SUSANA GONZÁLEZ MORALES, DNI \*\*\*\*\*037-Q**, na súa condición de seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na última oposición/ de Diplomados/as en Traballo Social (OEP 2010) ou na bolsa de emprego autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015 e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do

Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, a Xefa do Servizo e ao Xefe da Área de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(857).- BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 30422/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/08/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- Constan nesta Área de RRHH e Formación distintas peticións contidas, entre outras, en escritos de datas 15 de xuño e 1 de agosto de 2017, do Servizo de Estadística; escrito de

data 11 de xullo de 2017 da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable; de 30 de maio de 2017 de Dirección de Ingresos; solicitando o nomeamento interino de persoal administrativo que garanta a eficiente prestación do servizo, copias dos cales se anexaron ao presente expediente.

**II.-** O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal, a través da instrución de servizo de data 2 de agosto de 2017, e toda vez que a lista de substitucións derivada da execución da última oferta de emprego público, e a bolsa de emprego de 2015, atópanse esgotadas, ordenou o inicio do presente expediente administrativo para a elaboración das bases selectivas para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1. do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A referida convocatoria, publicarase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**V.-** En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.



O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**II.-** Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

- Auxiliar de Administración Xeral, subgrupo C2: Estar en posesión do título académico oficial de Graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémpanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

**III.-** En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

***“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.***

***2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.***

***3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”***

Por outro lado, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

***“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.***

***2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:***

- ***a) El personal de elección o de designación política.***
- ***b) El personal funcionario interino o laboral temporal.***

- *c) El personal eventual.*
- *d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

**3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.**

**4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.**

**5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.**

**6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.**

**7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”**

Así mismo, o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Auxiliar de Administración Xeral, subgrupo C2, e que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de

Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**Segundo.-** Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Auxiliares de Administración Xeral, subgrupo C2, a executar segundo as bases específicas reitoras que forman parte inseparable como ANEXO UN do presente acordo, ordenando a publicación de anuncio a tal efecto, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para público e xeral coñecemento.

**Terceiro.-** Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.”

**Carto.-** Notificar o presente acordo á Intervención Xeral e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación.

Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso-administrativo.

Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO, QUE PERMITAN OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, COMO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C2). Expte. 30422/220)

## I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Auxiliares de Administración Xeral, subgrupo C2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

## II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación

da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Auxiliar de Administración Xeral.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñeráse de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

### III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

### IV.-FASE DE OPOSICIÓN

#### EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por

pregunta, relacionados coas materias que integran o programa das bases específicas, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes o inicio de exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows, linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Cualificarase a velocidade desenvolvida (en atención ao número de pulsacións), a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presente as mesmas, de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o dito órgano antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles aos aspirantes no mesmo de comezar o a proba e incluírse na correspondente acta.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se

terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

#### V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental").

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico [ofi.persoal@vigo.org](mailto:ofi.persoal@vigo.org).

#### VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se



desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

## VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a Técnico do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado no subgrupo A1 ou A2.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos da lei 39/2015, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na páxina web do concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e ss da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo ou seu organismo autónomo, ou de outras Administracións Públicas, encadrado/a no subgrupo C2 e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a da Área de Recursos Humanos e Formación deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexerán polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

#### *IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS*

*A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:*

*a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.*

*b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.*

*Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:*

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

*A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.*

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1

do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

#### VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

#### IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

#### X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

#### T E M A R I O

Tema 1.- A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2.- Dereitos e deberes fundamentais. Garantía e Suspensión.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.

Tema 4.- O acto administrativo. Concepto. Requisitos: Motivación e forma. A eficacia. A notificación.

Tema 5.- O procedemento administrativo; Iniciación, ordenación e instrución. A terminación: A obriga de resolver. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo.

Tema 6.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da Administración a lei e o dereito.

Tema 7.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 8.- O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 9.- Organización municipal. Competencias municipais.

Tema 10.- Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 11.- Ordenanzas e Regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 12.- Facendas locais: clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais: Réxime Xurídico do gasto público local. Os Orzamentos locais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(858).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA INTEGRACIÓN DO CONCELLO VIGO EN ERTICO-ITS EUROPE, SOCIEDADE COOPERATIVA DE RESPONSABILIDADE LIMITADA CONSTITUÍDA AO AMPARO DO DEREITO DO ESTADO DE BÉLGICA. EXPTE. 102132/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/08/17, dáse conta do informe-proposta do 9/08/17, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- O 09 de setembro de 2015, o Concelleiro delegado de Seguridade e Mobilidade solicitou formalmente a integración do Concello de Vigo en ERTICO-ITS EUROPE (European Road Transport Telematics Implementation Coordination Organisation-Intelligent Transport Systems & Services EUROPE), unha asociación fundada no ano 1991 e con sede en Bruselas que recolle aos principais actores europeos involucrados na cadea de valor dos sistemas intelixentes de transporte, incluíndo organismos e entidades tanto públicas como privadas. Na actualidade conta con 110 membros que se agrupan nas seguintes categorías:

- Autoridades públicas.
- Usuarios.
- Operadores de rede móbil.
- Proveedores de servizos.
- Industria de tráfico e transporte.
- Constructores de vehículos.
- Fabricantes de sistemas ITS.
- Centros de investigación.

A súa misión fundamental é promover a investigación, desenvolvemento e implementación de solucións intelixentes de transporte, buscando un despregue harmonizado a nivel europeo e internacional.

Para iso participa e promove diversas actividades como proxectos europeos de investigación, pilotos de proba, foros de discusión, grupos de traballo, congresos, etc., todo iso co fin de chegar á implementación de solucións ITS dun xeito harmonizado.

Entre outros proxectos ou pilotos europeos liderados por ERTICO e de gran relevancia na actualidade, cabe destacar o Compass4D, o CO-GISTICS, ARTIST4U, X-CITY, nos que a cidade de Vigo participa como socio con financiamento europeo.

Recentemente liderou a proposta C-MOBILE (Accelerating **C-ITS Mobility Innovation and deployment in Europe**) na que o Concello de Vigo tomou parte xunto, entre outros potenciais socios, con cidades como Bilbao, Barcelona, Eindhoven, Helmond, Newcastle UT; coa Rexión Central de Macedonia (Grecia); con sociedades con ampla experiencia no sector da mobilidade como DYNNIQ; e con a Fundación Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG) con sede en Porriño. Nun marco temporal previsto de 42 meses, a súa visión foi desplegar servicios avanzados para específicos retos da mobilidade no ámbito local (usuarios especialmente vulnerables, seguridade nas interseccións, coordinación semaforica, conducción energeticamente eficiente, rutas eficientes, distribución de mercancías, xestión do estacionamento, etc.) en diferentes contextos e entornos e en tempo real, facendo o mesmo tempo accesibles as solucións C-ITS para todos os usuarios a través dos smartphones.

ERTICO ten promovido tamén o proxecto P4ITS, foro de discusión sobre a forma de articular os concursos públicos que permitan equipar as novas infraestruturas cooperativas, centrando as súas discusións no Public Procurement for Innovation (PPI).

En todo caso, o mellor expoñente do carácter estratéxico da presenza do Concello de Vigo en ERTICO atópase na recente aprobación pola Comisión Europea do Proxecto AUTOPILOT (proposál number 731993), do que o Concello de Vigo se ten postulado como parte beneficiaria, e que ten por obxecto a) definir e implementar unha arquitectura do “internet das cousas” (IoT) vinculada aos vehículos autónomos, b) facer realidade casos de uso de conducción autónoma vinculada ao IoT, c) desenvolvemento de modelos de negocio e servicios avanzados para a conducción autónoma, d) implicación dos usuarios, servicios públicos e demais actores implicados no desenvolvemento do vehículo autónomo, e) contribuir activamente á estandarización do IoT (oneM2M, new ETSI ISG for smart digital infrastructures, AIOTI-WG3) e das tecnoloxías da comunicación para comunicacións entre vehículos e destes coa infraestrutura (5G,5G-PPP, ETSI TC ITS and 3GPP, IETF).

ERTICO lidera as propostas e proxectos antes mencionados dentro do Programa Marco Competitividade e Innovación (Competitiveness and Innovation Framework Program) da CE denominado HORIZONTE 2020.

SEGUNDO.- Dada a enorme importancia que está tomando a mobilidade urbana intelixente por parte das políticas e estratexias da Comisión Europea, ERTICO creou un novo grupo dentro da asociación, dedicado ás cidades. Neste sentido, o Consello de Dirección de ERTICO aprobou cotas anuais especiais para este tipo de entidades, sensiblemente inferiores ás do resto de membros da organización, co obxectivo de fomentar a súa entrada:

Autoridades públicas: 15.000 euros / ano.

Empresas: 30.000 euros / ano.

Cidades: 5.000 euros / ano

TERCEIRO.- De conformidade co disposto no art. 8 dos seus Estatutos, así como en base ás decisións dos seus órganos executivos dictadas ao amparo dos citados Estatutos, a incorporación do Concello de Vigo a ERTICO implica a asunción dun gasto de 5.000 € (cinco mil euros) en concepto de cota anual.

Para atender o pago da cota anual, no orzamento corrente existe crédito adecuado e suficiente na aplicación 13304900000.

CUARTO.- Asimesmo, a incorporación do Concello de Vigo a ERTICO implicará un desembolso único, en concepto de participación no capital social da entidade, de 1.860 €.

Para atender o pago de participación no capital social , no orzamento corrente existe crédito adecuado e suficiente na aplicación 13308729000.

No expediente consta informe de conformidade da Intervención Xeral de data 09 de agosto de 2017.

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden, veño en propoñer ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que eleve á Xunta do Goberno Local a seguinte proposta de

#### ACORDO

1º.- Autorizar a integración do Concello de Vigo, solicitada formalmente polo Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade con data de 09 de setembro de 2015, en ERTICO-ITS EUROPE (European Road Transport Telematics Implementation Coordination Organisation-Intelligent Transport Systems & Services EUROPE), sociedade cooperativa de responsabilidade limitada constituída ao amparo do Dereito do estado de Bélxica, con sede en Avenue Louise 326, 1050 Brussels (Bélxica) e código de identificación fiscal (Value-Added Tax) BE 445.743.506 BTW.

2º.- A integración se produce pola vía da autorización do Consello de dirección (Supervisory Board) prevista no art. 9 dos Estatutos a favor das cidades europeas.

3º.- A integración do Concello devengará unha cuota anual nos termos establecidos no art. 8 dos Estatutos, actualmente por importe de 5.000 € (cinco mil euros).

4º.- Dita integración devengará tamén un desembolso único por importe de 1.860 € (mil oitocentos e sesenta euros) en concepto de participación do socio (cidades) no capital social (arts. 5 a 7 dos Estatutos).

5º.- Antes de rematar o primeiro trimestre natural de cada ano, o Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade elevará á Xunta de Goberno Local informe razonado sobre o grao de eficiencia da participación do Concello en ERTICO, esto en termos concretos de promoción ou fomento da investigación e a innovación (mesmo desde o lado da demanda en forma de compra pública) de solucións de mobilidade sostible e intelixente (máis segura, cooperativa e eficaz) con vocación de harmonizarse a nivel europeo e no resto do mundo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(859).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROGRAMA EUROPEO AUTOPILOT. EXPTE. 102301/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/08/17, dáse conta do informe-proposta do 11/08/17, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

PRIMEIRO.- No marco dos proxectos europeos en materia de mobilidade sostible e intelixente nos que ven participando nos últimos anos o Concello de Vigo a través de

ERTICO (European Road Transport Telematics Implementation Coordination Organisation-Intelligent Transport Systems & Services EUROPE, unha asociación fundada no ano 1991 e con sede en Bruselas que recolle aos principais actores europeos involucrados na cadea de valor dos sistemas intelixentes de transporte, incluíndo organismos e entidades tanto públicas como privadas), a Comisión Europea aprobou recentemente o acordo de subvención (Grant agreement) nº. 731993 denominado AUTOPILOT (AUTOMated driving progressed by Internet of Things).

Na proposta técnica previa dos interesados que desembocou no citado acordo, o Concello de Vigo manifestou a ERTICO o seu interese en participar na acción a someter por dita sociedade á Comisión Europea.

SEGUNDO.- A acción a implementar obxecto da subvención europea consiste en desenvolver a través dun consorcio de entidades públicas e privadas ben balanceadas e durante 36 meses, experiencias técnicas que permitan demostrar en condicións reais a viabilidade da conducción automática de vehículos e as novas oportunidades de negocios inherentes (servizos de mobilidade de alto valor engadido: vehículo autónomo compartido, estacionamento automático, mapas dixitais mellorados que potencien a conducción autónoma), desde o impulso das previsións que sinalan un progresivo crecemento do mercado ata acadar un 50 por cento do mesmo no ano 2035.

O eido tecnolóxico descansa na idea do “*internet of things*”(IoT), unha sorte de “ecosistema” de conectividade ubicua aquí proxectada sobre o vehículo e a infraestrutura física e tecnolóxica no que presta soporte á mobilidade.

TERCEIRO.- ERTICO é o coordinador da acción subvencionada.

CUARTO.- A participación do Concello de Vigo estendese a todo o piloto (do mes 1 ao 36), e comprende a identificación da arquitectura, especificacións e requirimentos dos escenarios urbanos nos que o potencial do IoT pode ser valorado como elemento esencial da habilitación e mellora das funcións de conducción autónoma.

4.1 O paquete de traballo 1 (WP1) comprende estas tarefas:

- Especificación dos casos de uso da conducción autónoma (AD).
- Arquitectura y especificacións do IoT.
- Especificacións da plataforma aberta IoT do vehículo.
- Especificacións dos requirimentos das comunicación.
- Especificacións da seguridade e privacidade dos datos.

4.2 O paquete de traballo 3 (WP3) comprende estas tarefas:

- Requisitos das probas do piloto (idear un método e sistema de verificación para valorar e abordar os requirimentos e especificacións de cada piloto e os casos de uso da AD a desenvolver).
- Adaptacións do software e hardware específicos do IoT dos sitios pilotos.
- Actividade de probas nos sitios pilotos: cada sitio piloto executa os seus casos de uso segundo as súas propias especificacións. A cidade de Vigo ten asignadas as actividades de conducción urbana (AUTOPILOT AUTOMATED DRIVING USE CASE) e aparcamento automático en Parking (AUTOPILOT AUTOMATED VALET PARKING).
- Xestión da información (datos) do test. Trátase da información técnica (proveniente dos equipos embarcados nos vehículos, sensores instalados na infraestrutura, e do propio ecosistema IoT), xenerada en cada piloto e que permitirá comparala coa xerada nos outros sitios piloto e comprobar a súa consistencia.



O paquete de traballo 4 (WP4) comprende estas tarefas:

- Metodoloxía de avaliación: adopción e mellora do sistema europeo FESTA (Field opERational teSt supporT Action); definición dos KPI que permitan verificar cuantitativamente o rendemento técnico; factores de decisión para os negocios e a sociedade
- Avaliación técnica: idoneidade do IoT aplicado aos vehículos autónomos en cada sitio piloto;
- Valoración do impacto nos negocios, utilizando como principal ferramenta o MAMCA methodology (Multi-Actor Multi-Criteria Analysis).
- Valoración do impacto na calidade de vida, especialmente en estes catro aspectos: a) impacto na mobilidade persoal en canto acceso a destinos, modos de transporte, tempo de viaxe, e demais aspectos cualitativos da mobilidade especialmente en relación coas necesidades das persoas da terceira idade e dos discapacitados; b) impacto nos fluxos de tráfico de vehículos, no medio ambiente e a seguridade viaria; c) en xeral, impacto no estado do benestar medido en termos de acceso aos servizos, saúde segundo os termos de igualdade que resulten dos KPI's previamente determinados.
- Valoración da aceptación dos usuarios, en aspectos centrais como percepción da súa utilidade, facilidade de uso, frecuencia de uso, aspectos éticos e responsabilidade no caso de mal uso; aspectos psicolóxicos relativos á experiencia de usuario, problemas derivados da eventual falta de control, confianza, carga mental, estrés e conciencia da situación; accesibilidade e control sobre os datos dos usuarios, que comprende o seu consentimento informado e a privacidade, percepción da seguridade e vulnerabilidade no acceso aos datos; interese económico percibido comprensivo da inclinación a admitir o pago polos respectivos servizos, estudo de necesidade de establecer estándares, e entorno de mercado.

O paquete de traballo 5 (WP5) comprende estas tarefas:

- Estratexia de comunicación que asegure un coñecemento xeneralizado da información do proxecto, implicándose con todos os sectores interesados aumentando o nivel de comprensión dos resultados do proxecto e facilitando a súa explotación.
- Divulgación científica (participación e/ou organización de eventos, colaboracións con medios de comunicación especializados) dos resultados clave do proxecto.
- Explotación dos resultados con identificación das melloras concretas que estes representan en termos viabilidade e sostenibilidade dos procesos produtivos nos negocios actualmente existentes e identificación de novos modelos de de negocio, permitindo a súa adopción a gran escala en todas as cidades europeas.
- Intercambio de experiencias entre a AD habilitada polo IoT e os demais ámbitos do IoT.
- Estandarización e avaliación de conformidade.

QUINTO.- A actividade subvencionable dedúcese do documento titulado “presuposto estimado para a actividade” (estimated budget for the action) contido no Grant Agreement aprobado pola CE (achégase detalle).

En cada paquete de traballo (WP) e previa xustificación documental das horas efectivamente empregadas, os respectivos importes serán obxecto da subvención con cargo ao programa.

Así mesmo, con cargo ao programa subvenciónanse tamén os viaxes para atender as reunións dos socios acordadas polo coordinador do programa (ERTICO) durante a execución do mesmo.

Así o Concello recibirá con cargo ao programa un máximo de 52.562,50€ segundo o seguinte detalle:

Custe persoal: 29750€  
Custe reunión do programa: 12300€  
Custes indirectos: 10512,50€ (25% sobre os  
Custes de persoal e viaxes)

En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe ven en propor ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que, previo informe da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

#### ACORDO

1º.- Autorizar a participación do Concello de Vigo no programa europeo de subvención denominado AUTOPILOT (AUTOMated driving progressed by Internet of Things), aprobado pola Comisión Europea co número (Grant agreement) nº. 731993.

2º.- Autorizar asimesmo ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade a representar legalmente ao Concello na firma do Gran Agreement.

3º.- A participación en AUTOPILOT implicará unha subvención máxima ao favor do Concello durante os 36 meses de duración do mesmo por importe de 52,562,50€.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(860).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR DIFUSIÓN AS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 6766/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14/08/17, e o informe de fiscalización do 18/08/17, dáse conta do informe-proposta de data 11/08/17, asinado pola técnica de Turismo, a concelleira delegada de Turismo e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data 7 de agosto de 2017, a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo, resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, por importe de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do Servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

A Fundación Vigo Convention Bureau é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de inte-

rese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A Fundación VCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades ...
- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias...

A Fundación VCB, consonte co previsto no artigo 5, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o *plan de traballo* que reflicte como obxectivo conexo “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

O Concello de Vigo e a Fundación VCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias.

A Fundación VCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a Fundación VCB dé continuidade a unha serie de accións de difusión e márketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2017, recollidos no Anexo I.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que recolle que o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Si ben esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da Fundación Vigo Convention Bureau de todo o

sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo, polo devandito.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións con relación á aplicación orzamentaria 4320.4800000 “Convenio de xestión Illas Cíes P.H.N” do Servizo de Turismo para o vixente exercicio por un importe total de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros ), mediante 3 pagos, según se detalla no punto carto do citado convenio.

Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estima conformes ao interese público que o convenio persegue.

Que en aplicacións dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración de Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Que a Fundación VCB non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvención de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo segundo consta nos certificados que figuran neste expediente.

Que de conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade con previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.

## PROPONSE

1º.- Que se aprobe o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2017

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de

xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2017

### REUNIDOS

Dunha parte D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González en calidade de Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo

Doutra parte D<sup>a</sup>. Belen Vallina González, en calidade de Directora Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, con CIF G27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría – local 2

### MANIFIESTAN

**I.-A Fundación Vigo Convention Bureau** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

O fin da Fundación VCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, convencións e viaxes para a cidade de Vigo.

A Fundación VCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.
- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa trascendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.
- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.
- Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

-Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais

-Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

-Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A Fundación VCB, ademais dos estatutos, aprobou na reunión do padroado de data 25 de xuño de 2014, o *plan de traballo* que reflicte igualmente no apartado referido á misión da fundación “a xestión dos recursos dispoñibles de xeito eficiente, coordinado e complementario de todas as iniciativas e políticas de promoción que se leven a cabo na cidade, en materia de turismo. Isto permitirá ter unha imaxe única da cidade.”

**II.- O Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 y 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art. 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos do seu término municipal.

**III.- O Concello de Vigo e a Fundación VCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidades dende o ano 2010. A Fundación VCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuación que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

**IV.- O Concello de Vigo** esta interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” iniciados no ano 2015.

A UNESCO, Organización das Nación Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultura ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da “marca cidade” ou “destino turístico”.

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que recurso proposto teña un “sobresaliente valor universal”. Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados7, 9 e 10 do decálogo:

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética

- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

**V.- A Fundación VCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a Fundación VCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar a actuación de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” suporía para o turismo de Vigo e para a Fundación VCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

**VI.- O Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.480000 prevé un convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 250.000,00 € (dous centos cincuenta mil euros)

**VII.- O Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O Plan de Competitividade do produto turístico de Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como aquelas de promoción da mesma.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a Fundación VCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2017.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** O obxecto do presente convenio consiste en dar continuidade a unha serie de accións de difusión e márketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2017, recollidos no Anexo I.

A Fundación VCB, comprométese a colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2017, conforme co programa recollido no Anexo I.

A Fundación VCB comprométese a:

- 1.- Levar a cabo a continuidade das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”
- 2.- Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración
- 3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programas
- 4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.
- 5.- Asumir todos os custos directo e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades
- 6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.
- 7.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades das subvención no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007 de 13 de xullo de Subvencións de Galicia
- 8.- Comunicar á Concelleira – Delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

**Segundo.-** O Concello de Vigo comprométese a:

Conceder directamente á Fundación VCB a achega, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2017, co importe de 250.000,00 € (douscentos cincuenta mil euros).

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entres públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A Fundación VCB deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondo recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención o subvencións non poderá superara o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en tres pagos,

- O primeiro pago será anticipado como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención en cumprimento do artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo importe de 125.000,00 € (cento vinte e cinco mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio

- O segundo pago por importe de 62.500,00 € (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 2ª quincena de outubro.

- O terceiro pago por importe restante, 62.500,00 € (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de decembro.



A Fundación VCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións as que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presupostaria 4320.4800000 Convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros)

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A Fundación VCB non poderá subcontratar con terceiros a actividade obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a Fundación para a realización da actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A Fundación VCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do concello e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Noveno.-** A Fundación VCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a subvención. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2017 dentro do programa obxecto do primeiro pago, debe presentarse durante o mes de setembro.

As memorias parciais de actuación, xustificativas do segundo e terceiro pago, deberán entregarse xunto coa solicitude dos correspondentes pagos.

As memorias deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2017, obxecto do primeiro pago anticipado, deberá presentarse durante o mes de setembro de 2017.

As segunda e terceira memoria parcial económica, xustificativas do segundo e terceiro pago que deberán entregarse xunto coa solicitude dos correspondentes pagos.

Estas memorias incorporarán:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviación con relación ao orzamento inicial.

- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenado correlativamente o segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con factura e demais documento de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturas cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a Fundación VCB solicítase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 250.000,00 €

- Xunto coa derradeira memoria económica, á Fundación VCB terá que presentar, un informe final no que se xustifique o cumprimento das condicións previstas no presente convenio e se expoña de forma resumida, as distintas actividades desenvolvidas segundo o programa recollido no Anexo I.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada, se atopen recollidas na memoria (Anexo I do Convenio) e se realicen dentro do ano 2017.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma será comprobados polo Servizo de Turismo do Concello de Vigo; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá

informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** Non se esixirá garantía en base o artigo 42.2.a) do Real Decreto 887/2016 de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 de IG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En todo a información figurarán os logotipo do Concello de Vigo e da entidade, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previo do persoal técnico da Concellería de Turismo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo sétimo.-** O mecanismo de seguemento da execución deste convenio establécese en base ás memorias xustificativas as que se refire o pacto noveno deste convenio.

**Décimo oitavo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2017 e non será prorrogábel.

**Décimo noveno.-** A Concelleira Delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da subvención previsto no pacto segundo deste convenio.

**Vixésimo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Vixésimo primeiro.-** A Fundación VCB está informada de que os seus datos e os do seu representante será incorporado aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto de presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

A Fundación VCB poderá exercer o dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Turismo do Concello de Vigo.

**Vixésimo segundo.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

As actividades, servizos ou produtos ofertado ao público no marco do programa de actividades que conforma o Anexo I, poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.). A tal efecto, a entidade deberá expor durante a celebración da actividade nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

**Vixésimo terceiro.-** En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvención e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvención, e en aplicación dos principios recollidos na lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvención operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvención convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións art. 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo cuarto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aprobou o seu regulamento, os preceptos non básico da lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio as Bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez